



## **RESOLUCIÓN DO 31 DE MAIO DE 2021 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DE 2 DE FEBREIRO DE 2021 QUE DITA NORMAS SOBRE O CUMPRIMENTO DO REQUISITO DE ACTIVIDADE EXTRACTIVA SUFICIENTE PARA A RENOVACIÓN DAS HABILITACIÓNS PARA O EXERCICIO DO MARISQUEO**

A resolución do 2 de febreiro de 2021 da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se ditan normas sobre o cumprimento do requisito de actividade extractiva suficiente no ano 2021 para a renovación de habilitacións para o exercicio do marisqueo, establece que, de cara a cumprir o requisito de actividade extractiva suficiente para renovar as habilitacións para o exercicio do marisqueo, excluírase do período para demostrar actividade extractiva suficiente nos plans de 2021, o tempo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio de 2021.

O Decreto 77/2021, do 7 de maio, declara a perda de efectos a partir das 00.00 do 9 de maio de 2021 das medidas adoptadas pola Presidencia da Xunta de Galicia na condición de autoridade competente delegada, no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Asemade, o Decreto 77/2021 establece que o decaemento do estado de alarma debe levar consigo a adopción, por parte das administracións competentes, das necesarias medidas de prevención que permitan seguir facendo fronte e controlando a pandemia, tendo en conta a subsistencia dunha situación de crise sanitaria, polo que o afrontamento da crise seguirá efectuándose en Galicia a Administración autonómica no pleno exercicio das súas competencias, de acordo coas potestades que lle reconece a lexislación sanitaria e de emerxencias.

Deste modo, no marco indicado, serán aplicables as medidas contidas na Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real Decreto 956/2020, do 3 de novembro, e as súas modificacións, tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real Decreto 956/2020, do 3 de novembro, e no que sexa compatible con ela, aplicarase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

En canto as medidas de carácter laboral, o Real Decreto-lei 2/2021, do 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego, establecía que ata o 31 de maio os traballadores autónomos poderían percibir a prestación por cese de actividade. Estas medidas finalizan sen que sexa solucionada a situación de crise sanitaria provocada por el virus del SARS-CoV-2, e coa publicación do Real Decreto-lei 11/2021, do 27 de maio, sobre medidas urxentes para a defensa do emprego, a reactivación económica e a protección dos traballadores autónomos, ampliouse ata o 30 de setembro de 2021 o período no que os traballadores autónomos poderían percibir a prestación extraordinaria por cese de actividade.





As medidas de prevención para conter o virus seguen a repercutir na actividade económica retrasando a súa esperada recuperación. As diferentes medidas de prevención específicas adoptadas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica poden afectar sectores moi ligados coa actividade produtiva, como son o turismo e as actividades de restauración, este último canal esencial para a distribución dos produtos marisqueiros. Polo tanto, as medidas de carácter laboral e a situación de emerxencia sanitaria causada pola COVID-19 continúa a producir efectos no desenvolvemento da actividade marisqueira.

A ampliación do período da prestación extraordinarias por cese de actividade ata o 30 de setembro de 2021 prevista no Real Decreto-lei 11/2021, do 27 de maio, xunto coa incerteza actual sobre a evolución da pandemia e os seus efectos sobre a economía, e a incidencia pouco significativa dun trimestre no cómputo da actividade extractiva, fan aconsellable prorrogar ata finais de 2021 o período de exclusión da acreditación de actividade extractiva que se contempla na resolución de 2 de febreiro de 2021 da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Á vista do anterior, coa intención de evitar prexuízos na renovación das habilitacións para o exercicio do marisqueo como consecuencia do COVID-19 e protexer o emprego, considerase apropiada unha prorroga no período de exclusión da acreditación de actividade extractiva que se contempla na resolución de 2 de febreiro de 2021.

Visto o exposto, de acordo coas competencias atribuídas a esta Dirección Xeral polo Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, e coas disposicións derradeiras primeiras da Orde de 15 de xullo de 2011, Orde do 30 de decembro de 2015 e Orde do 31 de maio de 1995, e consultado o sector,

## RESOLVO

Modificar a resolución de 2 de febreiro de 2021 prorrogando a eficacia da medida prevista no punto 1, nos seguintes termos:

1. O período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de decembro de 2021 excluírase do período para demostrar actividade extractiva suficiente nos plans de xestión en 2021.

O resto da resolución mantense nas mesmas condicións

O presente acordo publicarse na páxina web da Consellería do Mar na forma e para os efectos que determina o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro  
Susana Rodríguez Carballo  
(*sinatura electrónica*)

